Para os títulos de Máster, de acordo cos descritores do Marco Europeo de Cualificacións para o Espazo Europeo de Educación Superior, garantírase que os estudantes:

- saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo;
- sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos;
- saiban comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades;
- posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.



4.- ADMISIÓN DE ESTUDANTES

4.1.- Sistemas de información e procedementos de acollida

Establecer os sistemas de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e a titulación.

4.2. Selección e admisión

A selección e admisión dos estudantes é un aspecto relevante dentro da nova normativa; polo tanto, deberanse definir adecuadamente os procedementos e criterios de admisión no programa.

4.2.1. Órgano de admisión: estrutura e funcionamento

Débase recoller a estrutura e o funcionamento do órgano de admisión indicando a súa composición e no caso de programas interuniversitarios informar sobre os mecanismos de coordinación no proceso de selección e admisión dos estudantes.

4.2.2. Perfil de ingreso e formación previa requirida que habilita o acceso ao programa (especifíquese por estudos/títulos se se deren requisitos diferentes)

Definir claramente os estudos, o nivel e a formación previa (titulacións, idiomas etc) requirida para o acceso ao programa e, no seu caso, os requisitos específicos para cada un dos títulos de mestrado e título de doutoramento que se conceden dentro do programa.

Recoméndase que no perfil se recollan as competencias transversais/xenéricas que os alumnos deben ter (comunicación, traballo en equipo etc).

4.2.3. Sistemas de admisión e criterios de valoración de méritos

Explicitar os sistemas de selección establecidos no programa e, no seu caso, especificar por títulos se se deren requisitos diferentes indicando, no seu caso, a existencia de probas específicas, entrevista persoal ou outros procedementos, así como os criterios de valoración de méritos (expediente académico, experiencia profesional previa, coñecemento de idiomas...).

Infórmese da capacidade, se for o caso, para a admisión de novos alumnos unha vez iniciado o programa.

4.2.4. Criterios para o recoñecemento e a validación de aprendizaxes previas (títulos/créditos de formación previa)

En función da diversidade da formación previa dos estudantes e da flexibilidade da estrutura dos estudos de posgrao, cada programa deberá ter previsto e establecer criterios e procedementos para o recoñecemento e a validación de créditos por formación académica e experiencia profesional acreditada de forma individualizada por cada estudante.

4.3.- Sistemas de apoio e orientación

Estes sistemas poden concretarse en diversas actividades e medios como: tutores ou conselleiros, servizos de información sobre axudas, bolsas, traballos en prácticas, bolsas de emprego, etc.



4. ADMISIÓN DE ESTUDANTES		DOC.
DENOMINACIÓN DO TÍTULO		
4.1.- SISTEMAS DE INFORMACIÓN E PROCEDEMENTOS DE ACOLLIDA		
4.2. SELECCIÓN E ADMISIÓN		
4.2.1. Órgano de admisión: estrutura e funcionamento		
ESTRUTURA	FUNCIONAMENTO	
NUMERO MÁXIMO DE ESTUDANTES QUE SE PODEN ADMITIR NO TÍTULO		
NÚMERO MÍNIMO DE ESTUDANTES PARA QUE SE IMPARTA O TÍTULO		
4.2.2. Perfil de ingreso		
TITULACIÓN	REQUISITOS DE ADMISIÓN SEGUNDO A VÍA DE ACCESO	
OUTRAS CONDICIÓN DE ADMISIÓN (idiomas, probas etc.)		
4.2.3. Sistemas de admisión e criterios de valoración de méritos		
4.2.4. Criterios para o recoñecemento e a validación de aprendizaxes previas		
4.3.- SISTEMAS DE APOIO E ORIENTACIÓN		



5. PLANIFICACIÓN DA ENSINANZA

A planificación de cada materia deberá seguir as recomendacións recollidas nos diferentes modelos de guía existentes para o usuario ECTS. A asignación de créditos a cada materia deberá ter en conta os métodos de ensino-aprendizaxe e avaliación xa que condicionan a carga de traballo do estudante.

Os títulos de Máster deberán cumprir:

- Terán un contido de entre 60 e 120 créditos ECTS, que comprenderán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba recibir: materias obrigatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de Máster, actividades de avaliación, etc.
- O equilibrio entre o ensino teórico e práctico deberá estar en consonancia coas competencias fixadas nos obxectivos.
- Se o plan inclúe prácticas externas obrigatorias ou optativas, estas terán unha extensión máxima do 50% dos créditos ECTS totais.
- O traballo de fin de Máster terá unha extensión mínima dun 10% e máxima dun 25% de créditos ECTS e avaliarase unha vez superados o resto de avaliacións previstas. O traballo de fin de Máster deberá estar orientado á avaliación das competencias xerais asociadas á titulación.
- A proposta determinará o grao de flexibilidade que teñen os estudantes para personalizar os seus itinerarios de aprendizaxe de acordo coas súas propias preferencias.

No caso de proposta de itinerarios ou especialidades, sinálese con claridade a súa xustificación, así como os requisitos académicos para a súa obtención xustificando a coherencia da súa existencia e os obxectivos específicos de cada unha de elas, así como os requisitos que ha de cumprir o estudante para a súa obtención.



5.1.- Estrutura dos estudos

Detallar os aspectos relacionados coa estrutura e coa organización dos estudos, facendo constar:

- Denominación do módulo ou materia
- Contido en créditos ECTS
- Organización temporal: semestral, trimestral o semanal, etc.
- Carácter obligatorio u optativo
- Idioma
- Itinerarios
- Horas de aprendizaxe
- Traballo de fin de Máster (en caso de existir, incluílo como unha materia máis)

5. PLANIFICACIÓN DA ENSINANZA							DOC.		
DENOMINACIÓN DO TÍTULO									
5.1.- Estrutura dos estudos									
MÓDULO	MATERIA	IDIOMA/S EN QUE SE IMPARTE	DURACIÓN ⁸	TIPO ⁹	ITINERARIOS ¹⁰	N.º DE CRÉDITOS ECTS	HORAS APRENDIZAXE 1 crédito ECTS= 25 a 30 horas		
							TEORÍA	PRÁCTICAS	TRABALLO PERSOAL E OUTRAS ACTIVIDADES
TOTAL									

⁸En número de meses indicando o/os cuadrimestre/s en que se imparte (exemplos: 3 meses no primeiro cuadrimestre = 3C1; segundo curso completo = 9 meses no cuadrimestre terceiro e cuarto = 9C3C4) (Posibilidade de considerar outra medida como semanas, trimestres ou semestres).

⁹Obrigatorio (O), Optativo (OP).

¹⁰Caso de se incorporar itinerarios, especifíquese a cal de eles corresponde cada módulo ou materia.



5.2.- Descrición dos módulos ou materias de ensinanza-aprendizaxe que constituen a estrutura do plan de estudos, incluíndo:

- Denominación do módulo ou materia.
- Competencias que adquire o estudante con dito módulo ou materia.
- Breve descrición dos seus contidos.
- Actividades formativas co seu contido en créditos ECTS, a súa metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a súa relación coas competencias que debe adquirir o estudante. No caso de actividades formativas a desenvolver noutros centros ou organismos colaboradores, deberán indicarse os obxectivos e condicións, xustificando a adecuación de actividades formativas externas aos obxectivos formativos do título.
- Sistema de avaliación da adquisición das competencias e sistema de calificacións de acordo coa lexislación vixente.
- Prácticas externas.
- Recursos para a aprendizaxe. Deben incluír información sobre bibliografía básica, documentación de apoio, novas tecnoloxías e outros recursos específicos, etc.

CUBRIR UNHA TÁBOA POR MATERIA



5.3.- Procedementos para a organización da mobilidade dos estudantes propios e de acollida. Debe incluír o sistema de recoñecemento e acumulación de créditos ECTS.

Relacionar a información específica vinculada ao programa sobre a planificación e xestión dos convenios de colaboración activos de intercambio de profesores e/ou estudantes con outros centros, sobre as convocatorias ou programas de axuda á mobilidade financiados polas universidades ou polos centros participantes e sobre as unidades de apoio e sistemas de información para o envío e acollida de profesorado e alumnado.

5.4. - No caso de estudos de doutoramento. Formato do doutoramento:

5.4.1.- Criterios de admisión e elección de doutorandos/as

Indicar os estudos, o nivel e a formación previa que dan acceso aos estudos de doutorado (indicando, no seu caso, as esixencias de créditos de formación complementaria).

Explicitar os criterios de valoración de méritos e o seu axuste aos fins e obxectivos dos estudos de doutorado.

Indicar a existencia de probas específicas de admisión (entrevista persoal, exames, etc.).

5.4.2.- Liñas específicas de investigación

Enumerar e describir as liñas de investigación xerais e das actividades previstas (cursos, seminarios, prácticas etc.) conducentes á formación investigadora e para o desenvolvemento de teses de doutoramento.

5.4.3.- Criterios para a dirección de teses e traballos

Débase detallar, se proceder, a normativa específica establecida polas unidades responsables do título de doutor, con carácter adicional ás normativas xerais das universidades participantes, para a dirección de teses e traballos de investigación.



5.4.4.- No seu caso, seminarios, cursos metodolóxicos e outras actividades formativas preparatorias para a actividade investigadora

Farase unha relación das actividades formativas orientadas á formación investigadora do/a doutorando/a especificando os seguintes aspectos: o seu carácter obrigatorio ou optativo; os obxectivos e os contidos; o lugar e o calendario da súa realización.



5.4.- FORMATO DO DOUTORAMENTO	DOC.
TÍTULO DE DOUTOR	
LIÑAS DE INVESTIGACIÓN	
PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NO ÚLTIMO TRIENIO	
CONVENIOS E CONTRATOS DE COLABORACIÓN CON EMPRESAS	
PUBLICACIÓN	
TESES DE DOUTORAMENTO	
OUTROS	



5.5.- Organización académica

5.5.1.- Estrutura e composición dos órganos de coordinación académica.

Indicar a estrutura, composición e funcións do órgano de coordinación académica do título, así como os procedementos de toma de decisións. Teranse en conta os aspectos relativos á organización e provisión de clases, así como á coordinación dos procesos de ensino-aprendizaxe entre materias e a súa supervisión. Especificar aspectos relativos a:

- Coordinación de plans docentes e supervisión de prácticas docentes.
- Criterios de oferta e asignación de materias optativas.
- Organización do practicum e/ou de prácticas en empresas.
- Decisións ou normativas académicas.



5.5.- ORGANIZACIÓN ACADÉMICA			DOC.
DENOMINACIÓN DO TÍTULO			
5.5.1.- ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN ACADÉMICA¹¹			
<input type="checkbox"/> Comisión de estudos de posgrao da universidade. <input type="checkbox"/> Comisión académica da facultade responsable do título. <input type="checkbox"/> Comisión específica para xestionar o título.			
Responsable da Comisión:			
DNI:		PROFESOR:	
CENTRO/DEPARTAMENTO/INSTITUTO:			
ENDEREZO:			
C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
TFNO. 1:	TFNO. 2:	CORREO ELECTRÓNICO:	
Outros membros da Comisión¹²:			
DNI:		PROFESOR:	
CENTRO/DEPARTAMENTO/INSTITUTO:			
ENDEREZO:			
C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
TFNO. 1:	TFNO. 2:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DNI:			
PROFESOR:		CENTRO/DEPARTAMENTO/INSTITUTO:	
ENDEREZO:			
C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
TFNO. 1:	TFNO. 2:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DNI:		PROFESOR:	
CENTRO/DEPARTAMENTO/INSTITUTO:			
ENDEREZO:			
C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
TFNO. 1:	TFNO. 2:	CORREO ELECTRÓNICO:	

¹¹ Caso de se marcar "Comisión de estudos de posgrao da universidade" ou "Comisión académica da facultade responsable do programa", non se debe seguir cubrindo a táboa. Caso de se marcar "Comisión específica para xestionar o programa" é necesario seguir cubrindo a táboa.

¹² Amplíese tantas celas como foren necesarias.



5.5.2.- Planificación e xestión da mobilidade de profesores e estudantes no caso de títulos interuniversitarios.

Xustificar a adecuación das accións de mobilidade aos obxectivos formativos do título. Relacionar a información sobre acordos e convenios de colaboración activos de intercambio de profesores e/ou estudantes, convocatorias ou programas de axudas á mobilidade financiados polas universidades ou centros participantes, e sobre as unidades de apoio e sistemas de información para o envío e acollida de profesorado e alumnado.

5.5.3.- Criterios para o recoñecemento e validación de formación previa.

En función da diversidade da formación previa dos estudantes e da flexibilidade da estrutura dos estudos|estudos de postgrao, especificar os criterios e procedementos previstos no título para o recoñecemento e validación de créditos (no caso de estudos|estudos de máster) por formación académica e experiencia profesional acreditada de forma individualizada por cada estudante. Xustificar a adecuación destes criterios ás esixencias formativas previstas no perfil de ingreso.



6. PERSOAL ACADÉMICO

6.1. Persoal docente e investigador

Detállese o persoal docente, investigador e colaborador (indíquese a participación de profesionais ou investigadores externos á universidade) que participa no desenvolvemento formativo do título, especificando a súa categoría, experiencia docente e investigadora e a súa adecuación aos obxectivos e requirimentos das disciplinas incluídas no título. Indíquese tamén o nivel de dedicación de cada profesor ao programa así como o procedemento para a asignación do profesorado a este.

No caso de estudos de doutoramento é imprescindible, segundo o **RD 56/2005 do 21 de xaneiro**, a relación de profesores e investigadores encargados da dirección de teses de doutoramento.

No caso dos másters pertencentes a un programa de doutorado ou os cursos dos cales poidan ser recoñecidos como parte do período de formación dun doutor, o profesorado deberá posuír na súa totalidade o título de doutor. No resto dos títulos de máster, polo menos o **50% do profesorado** deberá ser doutor.

No caso de que non se dispoña de todos os recursos necesarios no momento da proposta do plan de estudos, deberase indicar a previsión da súa provisión.

6.1.1.- Criterios de asignación da docencia

Achéguese a información sobre os criterios e os procedementos de asignación da docencia.

6.1.2.- No caso de estudos de doutoramento, relación de profesores e investigadores encargados da dirección de teses de doutoramento

Relacionar o persoal docente e investigador encargado da dirección de teses de doutoramento.

6.1.3.- Experiencia docente, profesional e investigadora

Valorarase a calidade do profesorado do título, así como a información agregada sobre o conxunto inicialmente previsto de profesorado que ilustre a súa experiencia en docencia, investigación e actividade profesional.

Débase facer constar a experiencia do profesorado en programas de doutoramento con mención de calidade e/ou programas internacionais, en especial, nos últimos tres anos.

6.1.4.- Dedicación

Achéguese a información sobre a dedicación do persoal docente e investigador.

6. PERSOAL ACADÉMICO: TÍTULO DE MASTER

DOC.

DENOMINACIÓN DO TÍTULO

6.1. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

6.1.1.- CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DA DOCENCIA

	NOME E APELIDOS	UNIVERSIDADE / INSTITUCIÓN / ENTIDADE	CATEGORÍA ¹³	TÍTULO DOUTOR	MATERIAS IMPARTIDAS	N.º CRÉDITOS ASOCIADOS
1 ¹⁴				<input type="checkbox"/>		
2				<input type="checkbox"/>		
3				<input type="checkbox"/>		
4				<input type="checkbox"/>		
5				<input type="checkbox"/>		
6				<input type="checkbox"/>		
7				<input type="checkbox"/>		
8				<input type="checkbox"/>		
9				<input type="checkbox"/>		
10				<input type="checkbox"/>		

¹³ Catedrático de universidade, titulares de universidade, catedrático de escola universitaria, titulares de escola universitaria, axudantes doutores, axudantes non doutores, profesores contratados doutores, asociados non doutores, asociados doutores, profesores colaboradores, persoal investigador etc.

¹⁴ Amplíese tantas celas como foren necesarias.



6. - PERSOAL ACADÉMICO: TÍTULO DE DOUTOR		DOC.
TÍTULO DE DOUTOR		
6.1.2. RELACIÓN DE PROFESORES E INVESTIGADORES ENCARGADOS DA DIRECCIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO		
DNI:	NOME:	
CENTRO/DEPARTAMENTO/INSTITUTO:		
ENDEREZO:		
C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TFNO. 1:	TFNO. 2:	CORREO ELECTRÓNICO:
DNI:	NOME:	
CENTRO/DEPARTAMENTO/INSTITUTO:		
ENDEREZO:		
C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TFNO. 1:	TFNO. 2:	CORREO ELECTRÓNICO:

15



7. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

7.1.- Recursos humanos de xestión

7.2. Equipamento e infraestruturas dispoñibles para cada título

Detallar os recursos humanos de xestión, o equipamento e as infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do título, xustificando que os medios materiais e servizos dispoñibles (espazos, instalacións, laboratorios, equipamento científico, técnico ou artístico, biblioteca e salas de lectura, novas tecnoloxías, etc.) son adecuados para garantir o desenvolvemento das actividades formativas planificadas, indicando se se trata dos recursos e servizos centrais da/s universidade/s, da/s facultade/s, da/s escola/s, do/s instituto/s universitario/s ou doutro/s organismo/s e institución/s de carácter público ou privado.

No caso de que non se dispoña de todos os recursos e servizos necesarios no momento da proposta do plan de estudos, deberase indicar a previsión dos mesmos.



7. RECURSOS E SERVIZOS¹⁶	DOC.
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	
SERVIZOS CENTRAIS DA/S UNIVERSIDADE/S	
SERVIZOS DA FACULDADE/S E/OU ESCOLA/S	
INSTITUTO/S	
OUTROS ORGANISMOS OU INSTITUCIÓNS DE CARACTER PÚBLICO OU PRIVADO	

¹⁶ **Doc.** : certificación do compromiso do centro.



8.- RESULTADOS PREVISTOS

8.1.- Estimación dos valores cuantitativos que os indicadores (taxa de graduación, taxa de abandono e taxa de eficiencia) terán unha vez implantado o plan de estudos, e xustificación de ditos valores. Estas estimacións terán en conta as características dos estudantes e da propia titulación.

- Taxa de graduación: porcentaxe de estudantes que finalizan a ensinanza no tempo previsto no plan de estudos ou en un ano máis en relación a súa cohorte de entrada.
- Taxa de abandono: relación porcentual entre o número total de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon finalizar a titulación no curso anterior e que non se matricularon nin nese curso nin no anterior.
- Taxa de eficiencia: relación porcentual entre o número total de créditos teóricos do plan de estudos e o número total de créditos nos que tiveron que matricularse ao longo dos estudos no conxunto de estudantes graduados nun determinado curso académico.

8.2.- Procedemento xeral da universidade para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes.

Considerar resultados de probas externas, traballos de fin de Master, etc.

8.- RESULTADOS PREVISTOS		DOC.
DENOMINACIÓN DO TÍTULO		
8.1.- Estimación dos valores cuantitativos que os seguintes indicadores terán unha vez implantado o plan de estudos, e xustificación de ditos valores. Estas estimacións terán en conta as características dos estudantes e da propia titulación.		
Taxa de graduación	Taxa de abandono	Taxa de eficiencia
8.2 Procedemento xeral da universidade para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes.		



9. SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE

9.1. Órgano e persoal responsable do seguimento e da garantía da calidade

Detallar o órgano ou a unidade responsable da xestión da aseguranza da garantía de calidade e mellora do título, indicando se é a Unidade Técnica de Calidade, a propia facultade/centro ou unha comisión específica, sendo necesario achegar no caso dos dous primeiros a certificación do compromiso da xestión da aseguranza da garantía de calidade e, no caso de que houberse comisión específica, facer unha clara definición das súas funcións e responsabilidades especificando os responsables. Se os títulos son interuniversitarios deberase contemplar a idea de crear unha comisión de garantía de calidade conxunta entre as universidades participantes.

É necesario especificar a estrutura, a composición, os mecanismos e os procedementos de decisión, así como ter protocolizados os procedementos de revisión do funcionamento dos diferentes órganos de xestión do título.

Os/as responsables do ensino disporán de sistemas de garantía de calidade que permitan definir e implantar accións de mellora continua coa participación de todas as persoas implicados.

9. SISTEMA GARANTÍA DE CALIDADE	DOC.
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	
9.1. ÓRGANO E PERSOAL RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E GARANTÍA DA CALIDADE¹⁷	
<input type="checkbox"/> UNIDADE TÉCNICA DE CALIDADE	
<input type="checkbox"/> COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO	
<input type="checkbox"/> COMISIÓN ESPECÍFICA ¹⁸	
ESTRUTURA	
COMPOSICIÓN	
FUNCIONAMENTO	
MECANISMOS E PROCEDEMENTOS DE DECISIÓN	

¹⁷ Doc. : se se presenta a certificación do compromiso da UTC ou da Comisión de Calidade do Centro de que se encargarán da xestión do aseguramento da calidade, non é necesario seguir cubrindo a táboa.

¹⁸ Caso de se marcar a comisión específica, é necesario seguir cubrindo a táboa.



9.2. Procedementos xerais de avaliación e mellora

Cómpre establecer mecanismos e procedementos que permitan a revisión da planificación anual para axustar as posibles disfuncións detectadas no momento da execución.

9.2.1. Previsións, no seu caso, da mellora de infraestruturas e equipamentos

Relacionar a previsión da mellora de infraestruturas e a adquisición do novo equipamento, no caso de que este sexa preciso para o desenvolvemento do programa, e o compromiso das institucións participantes.

9.2.2. Procedementos de avaliación do profesorado e mellora da docencia

Deseñar e aplicar un plan de mellora e desenvolvemento profesional que inclúa a política de incentivos e promoción académica así como a súa vinculación cos procesos de avaliación docente.

Fixar procedementos de revisión e verificación da asignación da docencia segundo criterios de equidade e pertinencia, así como procedementos que aseguren o cumprimento formal das obrigas docentes do profesorado.

9.2.3. Criterios e procedementos de actualización e mellora

Establecer e aplicar un procedemento para a revisión periódica do plan de estudos, os perfís profesionais/investigadores dos títulos e as súas competencias xerais e específicas.



9.3. Criterios e procedementos para garantir a calidade das prácticas externas e fomentar a mobilidade

Fomentar as prácticas externas e a mobilidade, especificando a súa selección cos obxectivos do título.

Especificar o número e tipoloxía de entidades públicas ou privadas coas que hai convenio para a realización de prácticas.

Especificar se as infraestruturas destinadas ás prácticas externas se adecúan ao número de alumnos e aos obxectivos do título.

Precisar os métodos de avaliación dos coñecementos e das capacidades adquiridas polos alumnos nas prácticas externas.

É preciso definir, se for o caso, a existencia de mecanismos para recoñecer as prácticas externas como créditos curriculares.

En canto á mobilidade dos estudantes, ademais de definir obxectivos, momento, lugar, parte do plan de estudos para cursar e condicións de estadía (achegando información sobre convenios de mobilidade), cómpre sinalar:

- a) Tipo de mobilidade (nacional ou internacional) e o seu carácter obrigatorio ou optativo.
- b) Planificación temporal, programación da estadía (acordos previos do programa para desenvolver) e o seu seguimento (coordinadores/titores propios e en organizacións de acollida)
- c) Asignación de créditos e mecanismos de avaliación e recoñecemento dos estudos realizados

9.4. Procedementos de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida

Cómpre establecer procedementos para coñecer a satisfacción co programa e a inserción profesional dos seus egresados e para coñecer a opinión de empregadores e asociacións profesionais e empresariais sobre a satisfacción cos seus titulados e sobre as necesidades presentes e futuras do mercado de traballo e das necesidades formativas.

Os estudos de inserción laboral non teñen porque estar establecidos polas universidades, senón que pódense utilizar programas de inserción laboral implantados na Axencia ou noutros organismos.



9.5.- Procedimento para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.) e de atención ás suxestións ou reclamacións

Precisar procedementos regulares para recoller a opinión dos alumnos sobre a calidade dos estudos, a docencia recibida e as instalacións e servizos. Así mesmo, procedementos para obter a opinión do profesorado sobre a orientación do programa (perfis profesionais/investigadores, competencias,...) a organización e xestión do programa, as instalacións e recursos así como sobre a calidade do ensino. Tamén hai que ter en conta a opinión do PAS sobre a organización e xestión do programa.

9.6.- Criterios específicos de suspensión ou peche do título

Identificar cáles son os criterios para interromper a impartición do título, temporal ou definitivamente, e os mecanismos previstos para salvagardar os dereitos e compromisos adquiridos cos estudantes.

9.7. Sistemas de apoio á aprendizaxe autónoma do estudante.

9.7.1. Tutoría e orientación académica: acollida e fixación do programa de estudo de cada estudante

Detallar procedementos para o seguimento e avaliación da acción titorial, onde se indiquen os programas de apoio orientados aos alumnos.

Indicar os programas de acción titorial que orientan aos estudantes en todo o relativo aos seus estudos así como á organización do seu itinerario curricular, elaborando o itinerario máis adecuado aos seus obxectivos profesionais e académicos.

Detallar os procedementos de asignación de titores na universidade e nos organismos colaboradores onde se poidan desenvolver prácticas.

Establecer reunións de acollida onde se mostrará ao alumnado as instalacións do centro en que se imparte o programa así como os recursos que están a súa disposición.



9.7.2. Orientación profesional: transición ao traballo/estudos de doutoramento

Hai que indicar os servizos e os programas de información e orientación ao estudante sobre saídas profesionais que promovan a incorporación e promoción dos egresados no mercado laboral.

Organización de xornadas, mesas redondas impartidas por profesionais que orientarán ao alumnado nos aspectos relacionados co mundo laboral (as posibilidades de emprego, as axudas institucionais, os recursos dispoñibles e as redes establecidas co fin de axudar na súa inserción tanto se é por conta propia como por conta allea).

9.8. Sistema de información/comunicación pública

9.8.1. Vías de acceso á información pública

Existencia de diálogo continuo entre universidades, administración e demais axentes sociais.

Procedementos para potenciar, avaliar e mellorar as relacións co contorno social e o recoñecemento exterior.

Cómpre detallar o plan de comunicación e publicidade, (indicando as canles de difusión utilizadas) indicando os medios seleccionados: Web, publicacións informativas, medios de comunicación, guías de estudos, difusión a través das vías de comunicación das universidades participantes, información vía internet, a través de foros etc.

9.8.2. Vías de acceso a información interna dos estudantes

Hai que indicar se se prevén intranets con información sobre os estudos que permitan ao alumno ao acceso ao material docente, avisos, foros, titorías on-line, carteis etc.



10.- CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN

10.1.- Cronograma de implantación da titulación

A large, empty rectangular box with a black border, intended for the implementation schedule of the degree.

10.2.- Procedemento de adaptación, no seu caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos

A large, empty rectangular box with a black border, intended for the adaptation procedure of existing students to the new study plan.